



XUNTA  
DE GALICIA

---

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN e ORDENACION UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

**Centro Público de E.P.A. "Berbés"**

R/Marqués de Valterra N° 8, 1º.- 36202 VIGO.-

Tlf. 886 110 976 Fax.: 886 110 982

[www.epavigo.es](http://www.epavigo.es)

---

***NORMAS***

***DE***

***ORGANIZACIÓN***

***E***

***FUNCIONAMIENTO***

## INDICE

### **CAPITULO I. ORGANIZACIÓN**

**Art. 1.** Lexislación

**Art. 2.** Órganos de goberno do Centro.

- Unipersoais
- Colexiados
  - Consello Escolar
  - Claustro

**Art. 3.** Órganos de coordinación

- Unipersoais
  - Titores/as
  - Xefes de Departamento
  - Coordinador da Bilbioteca
- Colexiados
  - Departamentos Didácticos
  - Equipo de Normalización Lingüística

**Art. 4.** Canles de participación

- Alumnos/as
  - Xunta de Delegados/as

### **CAPÍTULO II. CONVIVENCIA**

**Art.5.** Dereitos e Obrigas

- Alumnado
- Profesorado
- Pais e nais dos alumnos menores de idade.
- Persoal de administración e servizos.

**Art. 6.** Normas de convivencia

- Aceso e permanencia no centro
- Tabaco, comida, bebida e varios
- Os espazos, as instalacións e o material
- Información ós pais e nais
- Asistencia a clase e retrasos
- Condutas contrarias ás normas de convivencia
- Condutas gravemente perxudiciais para as normas de convivencia Corrección

Ó longo do texto, sempre que se utilizan os termos xenéricos titor, coordinador, etc, faise referencia a ambos sexos.

## **CAPITULO I. ORGANIZACIÓN**

**Artigo 1.** Este regulamento afecta a alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos deste Centro, e ten o seu fundamento na lexislación seguinte:

*Lei Orgánica 8/1995 de 3 de xullo do Dereito á Educación (L.O.D.E)*

*Lei Orgánica 1/1990 de 3 de outubro de Orientación Xeral do Sistema Educativo (L.O.X.S.E.)*

*Real Decreto 732/1995 do 5 de maio que establece os Dereitos e Deberes do/as alumnos/as e as Normas de Convivencia dos Centros.*

*Decreto 324/1996 de 26 de xuño que establece o Regulamento Orgánico dos IES.*

*Orde de 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996.*

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Consello Escolar. Só poderá ser modificado por maioría simple. Tódolos membros que constitúen a Comunidade Educativa do Centro están obrigados a coñecer e cumprir as normas que nel se conteñen, sen que a ignorancia de parte ou de todo él exima do seu cumprimento.

**Artigo 2.** Os órganos de goberno , do Centro, poden ser unipersoais e colexiados.

a) Os órganos unipersoais son:

- Director
- Vicedirector
- Xefe de estudos
- Secretario/a

b) Os órganos colexiados son:

- Consello Escolar
- Claustro.

Dentro do Consello Escolar están constituídas a Comisión de Convivencia e a Comisión Económica. Os procedementos de elección, constitución, renovación, substitución e funcionamento tanto dos órganos persoais coma dos colexiados aparecen regulamentados no Decreto 324/1996 ( Artigos 4 ó 52).

**Artigo 3.** Os órganos de coordinación poden ser unipersoais ou colexiados.

a) Os órganos unipersoais son:

- Os Xefes de Departamento.
- Os titores/as.
- O Coordinador da Biblioteca.

b) Os órganos colexiados son:

- A Comisión de Coordinación Pedagóxica
- O Equipo de Normalización Lingüística
- Os Departamentos Didácticos.
- O Equipo da Biblioteca.

Os departamentos didácticos do noso Centro son:

- Xeografía e Historia
- Matemáticas
- Física e Química
- Ciencias Naturais
- Filosofía
- Lingua Castelá e Literatura
- Orientación
- Lingua Galega e Literatura
- Debuxo Lineal
- Grego – Latín
- Inglés
- Economía
- Francés
- Educación Física.

Os procedementos de elección, constitución, renovación, substitución e funcionamento tanto dos órganos unipersoais coma dos colexiados aparecen regulamentados no Decreto 324/1996 (Artigos 53 ó 87) .

**Artigo 4.** A canle de participación de alumnado é a través do delegado e da Xunta de delegados.

Cada grupo elixirá un delegado e subdelegado. Son electores e elixibles todos os alumnos do centro. A elección será convocada polo Xefe de Estudos e presidida polo Titor. No primeiro mes do curso constituirase unha mesa electoral composta por:

Titor

Secretario (alumno de menor idade)

Vocal (alumno de maior idade)

Se existisen candidatos elixírase entre os mesmos. De non habelos son elixibles todos os compoñentes do grupo. O alumno que acadase o 50% de votos será elixido delegado. Se na primeira votación non se acadase tal porcentaxe, efectuarase unha segunda votación e será delegado o alumno máis votado e subdelegado o seguinte alumno en número de votos.

Unha vez efectuada a elección, levantarase acta da mesma conforme o modelo que entregará á Xefatura de Estudos. Deberá ser cumprimentada e asinada por todos os integrantes da Mesa Electoral e entregada á Xefatura de Estudos.

Se o Delegado dimite ou se da de baixa, terá que comunicalo á Xefatura de Estudos.

A Xunta de Delegados estará formada polos delegados dos grupos e os representantes dos alumnos no Consello Escolar.

As funcións e competencias dos delegados e Xunta de Delegados están establecidas no Decreto 324/1996 (Artigos 107 ó 115).

## **CAPITULO II. CONVIVENCIA**

**Artigo 5.** Para o establecemento dos dereitos e obrigas terase en conta o Real Decreto 732/1995.

### **Dereitos do alumnado**

- a) Recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade
- b) Ser avaliados no seu rendemento escolar con plena obxectividade.
- c) Recibir orientación escolar e profesional segundo as súas capacidades, aspiracións e intereses.
- d) Ser respectados na súa liberdade de conciencia, nas súas conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas, así como na súa intimidade.
- e) Participar no funcionamento e na vida do centro consonte á lexislación vixente e á normativa propia do Centro.
- f) Recibir a axuda necesaria para compensar posibles deficiencias de tipo familiar, económico e socio - cultural.
- g) Reunirse e asociarse dentro dos seus órganos colexiados

### **Obrigas do alumnado**

- a) Asistir con puntualidade e participar nas actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de estudo.
- b) Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- c) Seguir as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e amosarlle o debido respecto e consideración.
- d) Respectar o exercicio do dereito ó estudo dos seus compañeiros.
- e) Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas, políticas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
- f) Presentar unha imaxe, aseo e vestimenta conforme ós usos e costumes habituais nun centro educativo.
- g) Non se permitirá o uso de obxectos e prendas que impidan a identificación da persoa.
- h) Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, relixión, sexo o por calquera outra circunstancia persoal ou social.
- i) Nas instalacións do Centro, non se permitirán prácticas, ritos ou manifestacións de carácter relixioso, racista, sexista ou xenófobo.
- j) Respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro de acordo coa lexislación vixente.
- k) Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e instalacións do centro e respectar as pertencencias dos outros membros da comunidade educativa.
- l) Xustificar as súas faltas de asistencia cando se reincorporen ó centro.
- m) Comunicar ó titor ou ó equipo directivo, o mais axiña posible, os desperfectos que se poidan producir na aula, preferentemente a través do delegado.

- n) Traer ó centro e ás clases o material necesario para o desenvolvemento das mesmas.
- ñ) O material esquecido na aula entregarase en Conserxería .
- o) Queda terminantemente prohibido o emprego dos teléfonos móbiles nas aulas, agás con autorización expresa do profesor/a.
- p) Non permanecer nos corredores nin sentarse nas escaleiras..
- q) Dentro das instalacións so se permitira comer ou beber nas zoas habilitadas para elo.
- r) Os menores de idade non poderán abandonar as instalacións do Centro, en período lectivo, se non contan co permiso dos pais ou titores legais, e con coñecemento do Equipo Directivo.
- s) Non romper os precintos das portas de emerxencia e a apertura das mesmas, así como dos pulsadores das alarmas de incendio sen causa debidamente xustificada (segundo acordo do Consello Escolar do Centro en reunión do día 12 de Novembro de 2001).
- t) Participar na vida e funcionamento do Centro.

### **Dereitos do profesorado**

- a) Ser respectados na súa condición persoal e profesional
- b) Exercer a liberdade de ensinanza dentro do respecto ás leis e axustándose á programación do departamento correspondente
- c) Participar nos órganos de xestión do centro e plantexar iniciativas para mellorar a vida académica, cultural e material do centro.
- d) Ser consultados polos seus representantes e posteriormente informados acerca dos acordos adoptados nos correspondentes órganos colexiados.
- e) Recibir información sobre a lexislación que afecte á vida do Centro con puntualidade, orde e accesibilidade.
- f) Organizar actividades educativas e participar nelas
- g) Dispoñer do material do centro en igualdade de condicións para a realización de actividades necesarias para o desenvolvemento da súa actividade docente.
- h) Esixir o cumprimento do Plan de Centro.

### **Obrigas do profesorado**

- a) Respetar e defender a dignidade física, ética e profesional de todos os membros da comunidade educativa .
- b) Impartir ensinanza respetando as programacións elaboradas polos departamentos.
- c) Informar ó alumnado dos obxectivos, contidos mínimos e criterios de avaliación que van ser aplicados na materia ó seu cargo.
- d) Velar pola orde necesaria para a o desenvolvemento axeitado do proceso educativo do alumnado do centro.
- e) Aplicar as medidas legais para o mantemento da disciplina académica no centro (amoestación verbal ou escrita)

- f) Controlar a asistencia dos alumnos nas clases mediante o sistema adoptado de partes de asistencia.
- g) Participar nos traballos do departamento, colaborando co profesorado do mesmo.
- h) Ser puntual e esixir puntualidade.
- i) Respetar e facer respectar o Plan de Centro.
- j) Xustificar a súa falta de asistencia cando se reincorpore ó centro. Pedir permiso con antelación ou avisar ó Equipo Directivo do Centro e ó alumnado cando non poida acudir á clase.
- k) Desempeñar os cargos e funcións asistindo ás reunións convocadas polos órganos competentes.
- l) Presentar unha imaxe, aseo e vestimenta conforme ós usos e costumes habituais nun centro educativo
- m) Nas instalacións do Centro, non se permitirán prácticas, ritos ou manifestacións de carácter relixioso, racista, sexista ou xenófobo.

### **Dereitos dos pais/nais dos alumnos menores de idade**

- a) Ser respectados como todos os demais membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar co equipo directivo, cos titores e profesores no proceso educativo dos seus fillos.
- c) Ser informados da ensinanza e formación dos seus fillos e dos aspectos do funcionamento do centro que afecten á educación dos mesmos.
- d) Ser recibidos polo titor nos días e horas establecidos e polos profesores a través do titor. Asimesmo reclamar contra as decisións e calificacións que se adopten ó finalizar un curso.

### **Obrigas dos pais e nais dos alumnos menores de idade**

- a) Acudir ó centro cando sexan convocados polo titor ou a Dirección.
- b) Comunicar o motivo das faltas de asistencia á clase dos seus fillos, ó titor correspondente.
- c) Estar localizables polo centro en caso de necesidade. Avisar de cambios de teléfonos de contacto e dirección.
- d) Informar ó Centro cando os seus fillos/as teñan que abandonar as instalacións en horario lectivo.
- e) Nas instalacións do Centro, non se permitirán prácticas, ritos ou manifestacións de carácter relixioso, racista, sexista ou xenófobo
- f) Informar ós titores dos aspectos da personalidade e circunstancias dos seus fillos transcendentales para axudar á súa formación. Sobre estes extremos gardarase o segredo profesional aconsellable.

### **Información ós pais/ nais de alumnos menores de idade**

Cando comece o curso as familias recibirán información do horario de clases, do nome do titor, as súas horas de visitas e as datas previas de avaliación nunha reunión co equipo directivo e o titor.

Ó remate de cada curso recibirán a notificación das notas.

Asimesmo, serán convocados cando se produza unha incidencia disciplinaria. A canle axeitado para estes contactos debería ser: profesor, titor e equipo directivo.

### **Dereitos e obrigas do Persoal de Administración e Servizos**

- a) Ser respectado na súa condición persoal e profesional como os demais compoñentes da comunidade educativa.
- b) Colaborar na consecución das fins e obxectivos propostos no Plan de Centro e na programación xeral anual. Asimesmo, cooperar coa Dirección e o Profesorado nas tarefas educativas.
- c) Participar na xestión do Centro mediante o seu representante e presentar iniciativas encamiñadas a mellorar o funcionamento do mesmo.
- d) Rexerse pola Lei da Función Pública e polo Convenio Laboral vixente.
- e ) Nas instalacións do Centro, non se permitirán prácticas, ritos ou manifestacións de carácter relixioso, racista, sexista ou xenófobo

## **Artigo 6.**

### **Acceso e permanencia no centro**

As actividades docentes desenvolveranse no horario establecido.

Os alumnos menores de idade non poden saír do Centro ata a finalización do horario lectivo. Só poderán saír autorizados polo titor ou calquer membro do Equipo Directivo.

Cando falte un profesor a clase, o delegado comunicarao en Conserxería .

Todos os alumnos poderán acudir á biblioteca.

A finalización de clases advertirase cun toque de sirena.

Profesores e alumnos deben ter presente que o inicio da clase seguinte non debe sobrepasar os 5 minutos.



### **Tabaco, bebida, comida e varios**

Non se pode fumar nas instalacións do Centro, tendo en conta a normativa vixente.

Os alumnos non poderán comer nin beber na clase nin corredores, salvo prescrición médica, e so o poderán facer nos lugares habilitados.

Os alumnos non poderán utilizar aparatos reprodutores de música, vídeo xogos, nin teléfonos móbiles durante a realización de calquera actividade académica, salvo para uso académico e sempre autorizado polo profesor.

### **Os espacios, as instalacións e o material**

O edificio e o material do Centro son bens públicos e como tales deberán ser respectados por todos.

A reparación dos desperfectos ocasionados polo mal emprego do material e do mobiliario, será realizada ou abonada polo autor ou autores dos mesmos.

Os alumnos que sustraeran bens do centro, deberán restituílos. Se ninguén se responsabilizase, reixerá o principio de responsabilidade colectiva.

As portas e escaleiras de seguridade só se poderán utilizar en caso de emerxencia; o seu uso indebido levará consigo a correspondente sanción.

Os alumnos poderán empregar o taboleiro que hai na planta baixa para colocar carteis ou murais con contidos informativos referentes a súa actividade académica ou cultural.

Ningunha persoa allea ó Centro poderá utilizar os taboleiros do mesmo sen permiso previo.

Os alumnos non poderán utilizar os ordenadores do centro para uso persoal, descargar material de internet sen contido académico nin para xogos.

### **A biblioteca**

É deber da comunidade educativa respetar as normas seguintes:

- 1.- Existen dous tipos de libros: consulta e lectura. Algúns documentos (enciclopedias, dicionarios, atlas, libros de texto, xornais , etc.) son libros de consulta non se poden prestar, son, polo tanto, para uso exclusivo na propia Biblioteca.
- 2.- O servizo de préstamo faranno as persoas autorizadas dentro dos horarios destinados a tal fin segundo consta no horario xeral da Biblioteca.
- 3.- Toda persoa que desexe utiliza-lo servizo de préstamo, será imprescindible presentar o DNI ou o número de lector validado pola Bilioteca.

- 4.- O usuario só pode ter prestados 3 documentos por prazo máximo de 15 días, e so se poderá prorrogar, como excepción, se o libro non ten demanda.
- 5.- Os libros serán devoltos en perfecto estado, dentro dos prazos sinalados.
- 6.- O extravío ou deterioro de documentos obriga a súa reposición ou o seu abono metálico.
- 7.- O incumprimento destas normas leva consigo a retirada temporal ou definitiva do Servizo de Préstamos.

### **Asistencia á clase e retrasos**

O deber mais importante do alumnado e aproveitar o posto escolar que a sociedade pon a súa disposición. Polo tanto a falta a clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación e da propia avaliación continua.

Os alumnos que superen o número de faltas inxustificadas sinaladas a continuación perderán o dereito á avaliación continua.

- Cando o número de faltas de asistencia sen xustificar a un determinado ámbito supere 8 sesións.
- Cando o número de faltas de asistencia xustificadas a un determinado ámbito supere 16 sesións.
- Cando un alumno acumule retrasos nunha materia o profesor o notificará ó titor.

Está acumulación será sancionada pero en ningún caso se poderá impedir a entrada a ese alumno da aula.

- Os alumnos que cheguen cinco minutos despois de comezada a sesión de clase non poderán acceder á aula .

As actividades complementarias organizadas polos departamentos teñen a consideración de actividades escolares, polo que deberán ser obrigatorias para cada grupo de alumnos. No caso de actividades que supoñan un traslado fóra da cidade e superen o día de estancia deberán contar coa aprobación do Consello Escolare e a aprobación da Inspección Educativa.

### **Conduas contrarias ás normas de convivencia**

Incumprimento dos horarios establecidos

Falta de participación nas actividades de estudo

Falta de respecto e consideración ás orientacións do profesor

Falta de respecto e consideración ó estudo dos compañeiros

Incorrecta utilización dos bens materiais propiedade do centro ou de calquera membro da comunidade escolar.

Comer, beber fóra dos espazos permitidos.

Fumar no recinto do Centro.

Atoparse en espazos do Centro ós que non lle está permitido o acceso nese momento.

As condutas contrarias ás normas de convivencia do Centro poderán corrixirse mediante:

- a) Amoestación privada ou por escrito
- b) Comparecencia inmediata ante o Xefe de Estudos
- c) Realización de traballos específicos en horario non lectivo ou tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro ou, se procede, a reparar o dano causado.
- d) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do Centro.
- e) Cambio de grupo polo prazo máximo dunha semana.
- f) Suspensión do dereito a determinadas ou a todas as clases por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Para decidir as correccións serán competentes os Profesores (a,b), o Titor (a,b,c,d), o Xefe de Estudos e o Director (b,c,d,e,f) e o Consello Escolar, aínda que este sempre pode encomendar ó Director esta corrección que comunicará á Comisión de Convivencia.

Estas condutas contrarias prescribirán no prazo dun mes, contado a partir do día no que foron cometidas. Tanto o alumno como os pais dos alumnos menores de idade poderán recorrer nun prazo de 48 horas.

Consideraranse paliativos o recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta, a falta de intencionalidade e a participación voluntaria do alumno/a nun proceso de mediación..

Consideraranse agravantes a premeditación e reiteración, e os danos ou ofensas ós alumnos de menor idade, ou a alguen que presente algún tipo de deficiencia, minusvalía ou algunha circunstancia que requira especial atención.

As sancións serán aplicables a actos realizados ben no recinto escolar, ben durante a realización das actividades complementarias e extraescolares, e incluso cometidos fóra do recinto escolar, cando estiveran relacionados directamente coa vida escolar e afecten a membros da comunidade educativa.

### **Condutas gravemente perxudiciais para a convivencia do Centro**

Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa

A reiteración nun mesmo curso escolar de condutas contrarias ás normas de convivencia.

A agresión grave, física ou moral contra os demais membros da comunidade educativa ou a discriminación grave

A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou sustracción de documentos académicos

Os danos graves causados polo uso indebido ou intencionadamente nos locais, materiais ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.

Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.

As actuacións perxudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación ás mesmas.

O incumprimento das sancións impostas.

A rotura dos precintos das portas de emerxencia e apertura das mesmas así como dos pulsadores das alarmas de incendio sen causa debidamente xustificada.

As condutas enumeradas no artigo anterior poderán corrixirse con:

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e ó desenvolvemento das actividades do Centro ou, se procede, a reparar o dano causado ás instalacións ou material do Centro ou ás pertenzas de membros da comunidade educativa.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.

c) Cambio de grupo, horario ou modalidade.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas ou a todas as clases durante un período superior a tres días e inferior a un mes.

Durante o tempo que dure a suspensión o alumno deberá realizar deberes e traballos para non interromper o seu proceso formativo.

Soamente o Consello Escolar poderá impor estas correccións. Tamén poderá readmitir ó alumno se se observa un cambio positivo na súa actitude antes do esgotamento do prazo previsto.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión. As correccións impostas prescribirán ó finalizar o curso escolar.

O procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios realizarase do xeito seguinte:

1. O Director designará un profesor como instrutor e comunicará a incoación do expediente ó alumno e ós seus pais se fose menor de idade.

2. O alumno ou, no seu caso os pais, poderán recusar ó instrutor ante o Director cando consideren que a súa conduta ou manifestacións implica falta de obxectividade na instrución do expediente.

3. Excepcionalmente, o Director poderá adoptar medidas provisionais, por decisión propia ou a proposta do instrutor. Poderán consistir en cambio temporal de grupo ou suspensión do dereito de asistencia ó centro por un período non superior a cinco días. Ditas medidas serán comunicadas ó Consello Escolar que poderá revocalas en calquera momento.

A instrución do expediente acordarase nun prazo non superior a dez días, contados a partir da data na que o director tivo coñecemento dos feitos ou condutas.

O prazo de instrución do expediente non deberá exceder de sete días. Unha vez instruído o expediente, darase audiencia ó alumno e, se é menor de idade, ós seus pais, comunicándolles os feitos que se lle imputan e as correccións impostas polo Consello Escolar.

A resolución do procedemento por parte do Consello Escolar deberá producirse no prazo máximo dun mes, contado a partir da data de inicio do mesmo e contra a mesma poderá interpoñerse recurso ordinario ante o Xefe Territorial Provincial da Consellería de Educación.

O presente regulamento axústase ó Real Decreto 732/1996 e ten como función esencial determinar as pautas que deben rexer as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.

Estas Normas estarán a disposición de todos os membros da comunidade educativa nun lugar visible.